



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE PADRÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte D. Antonio Fernández Angueira, alcalde- presidente do Concello de Padrón, no nome e representación de dita entidade local, e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61.1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.


EXPOÑEN

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

De acordo cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, entre as competencias que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia están ás de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.





XUNTA DE GALICIA

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios.

O Concello de Padrón dispón dun Grupo de Emerxencias Supramunicipal "GES" e unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que ven colaborando coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dende hai varios anos, contando para isto cun nutrido grupo de persoal voluntario, coa experiencia e estrutura necesarias para prestar a súa colaboración e auxilio naquelas operacións de protección civil, nas que a súa intervención sexa necesaria, en especial a actuación da unidade de adestramento de cans e rastreo e busca, adscrita á citada AVPC, na localización de persoas desaparecidas ou soterradas por derrubamentos de terra ou edificios.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter específico e especializado.

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Padrón, coa intervención da unidade de adestramento de cans e rastreo e busca adscrita á AVPC de este concello, na busca, localización e rescate de persoas desaparecidas ou soterradas por derrubamentos de terra e edificacións.


Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no territorio do concello e na Comarca do Sar pola entidade, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a





XUNTA DE GALICIA

través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Padrón, en canto ao apoio da unidade de adestramento de cans de rastreo e busca, adscrita á AVPC de Padrón á acción permanente dos órganos e autoridades con competencia en materia de protección civil, na busca e rescate de persoas desaparecidas en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen tanto no citado concello e na Comarca do Sar coma noutros ámbitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Mobilización dos medios

Unha vez requirida por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a intervención da unidade de adestramento de cans de rastreo e busca, xunto cos seus guías, esta deberá axustar a súa actuación ás directrices establecidas pola dirección xeral que será, en todo momento, a responsable da dirección da operación, estando asesorada polo responsable técnico da unidade de cans. Así mesmo, o grupo disporá de identificación autorizada e apropiada, así como, o logo da central de emerxencias 112 na súa uniformidade.

Terceiro. Nomeamento de asesor técnico

O Concello de Padrón designará a un membro da unidade de adestramento de cans que actuará, a nivel técnico, como interlocutor válido entre as partes asinantes do convenio; colaborando e asesorando á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en todas aquelas operacións de busca e rescate con cans adestrados, nos que a súa competencia técnica sexa necesaria.

Cuarto. Estrutura e medios


O Concello de Padrón facilitará á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior información detallada, e oportunamente actualizada, da estrutura e medios dos que dispón a unidade de adestramento de cans de rastreo e busca: número e formación dos adestradores; número de cans operativos; número de cans en formación, características dos mesmos, métodos de posta en acción, ámbito de actuación, sistemas de alerta e calquera outro dato que permita a súa urxente mobilización no caso de emerxencia.

Quinto. Seguros

A unidade de cans de rescate deberá contar cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra as actividades realizadas, incluíndo a cada un dos guías e cans que formen parte dos equipos de salvamento.

Sexto. Libramento dos fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará para financiar os custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global






XUNTA DE GALICIA

de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00122 dos orzamentos do ano 2018, cunha achega por un importe máximo de sete mil euros (7000 €).

Para percibir a cantidade o Concello de Padrón presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é de sete mil euros (7000 €), reducíndose en proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total (anexo I).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considéranse xustificantes de pagamento válidos unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa representante da entidade beneficiaria.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 € por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.



Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade da persoa representante da entidade beneficiaria como o "recibín" do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos, ou ben non ser correctas na súa totalidade, o pago verase reducido na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte do Concello de Padrón, das obrigas contidas neste convenio.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2018.

Sétimo. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006.





XUNTA DE GALICIA

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Oitavo. Comisión de seguimento

Créase unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e que propondrá cantas actuacións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

A persoa responsable dunha subdirección
Un/unha técnico/a dependente da mesma

Polo Concello de Padrón:

A persoa responsable da Concellería de Seguridade e Protección Civil do concello
O/a presidente/a da AVPC de Padrón

Noveno. Causas de resolución


O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.

Décimo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.





XUNTA DE GALICIA

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo e dará lugar á resolución do mesmo e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes.

O presente convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto na Lei 5/97 de réxime local de Galicia, no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaránselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo primeiro. Vixencia

A vixencia do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

En proba de conformidade asínase o presente convenio por duplicado.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

POLA XUNTA DE GALICIA
O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

POLO CONCELLO DE PADRÓN
O alcalde

Antonio Fernández Angueira



XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

Concello de Padrón

Unidade de adestramento de cans de busca e rescate da AVPC de Padrón

○ Cursos, seminarios, probas de homologación, reunións, etc	800 €
○ Uniformidade e equipamento	1700 €
○ Seguros	700 €
○ Adestramentos, buscas e simulacros	1700 €
○ Gastos veterinarios e material cinolóxico	900 €
○ Gastos varios	1200 €
TOTAL	7000 €

